



DECRETO

Alcanzar a máxima transparencia na xestión municipal é un dos obxetivos políticos básicos deste Goberno Municipal que, desde a súa constitución está a traballar nun Plan de Transparencia que vaia máis aló do mero cumprimento das esixencias da legalidade vixente. Esa legalidade está contida especialmente na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bó goberno e na Lei Galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bó goberno. Pero o deber de transparencia das administracións públicas non se esgota aquí. Existen numerosas normas sectoriais que conteñen obrigas concretas de publicidade activa e de dar información á cidadanía sobre a xestión pública. A contratación pública, as axudas e subvencións, os orzamentos, a función pública e altos cargos conteñen normas especiais en materia de información cidadá. Especificamente, a lexislación de réxime local contivo tradicionalmente un estatuto da veciñanza no que, con maior ou menor extensión en función das vicisitudes históricas, regulabase o acceso dos veciños e veciñas á información xenerada polos concellos.

Dentro dos pasos que é preciso dar para chegar á realización desos obxetivos, precisase dictar as normas para que as unidades administrativas do Concello e das entidades dependentes ou obrigadas coñezan as tarefas que lles corresponden e como desenvólvelas. Por elo,

Vista a proposta da Xefatura de Servizo da Alcaldía á que presta conformidade a Directora da Asesoría Xurídica.

Correspondendo a esta Alcaldía a aprobación da Instrucción en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4 g) da Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVÍN:

PRIMEIRO. Aprobar a Instrucción anexa, que regula a Transparencia no Concello da Coruña.

SEGUNDO. Publicar na web institucional do Concello e notificar aos Grupos Municipais, Concellerías Delegadas, Directores, Xefes de Servicio ou postos análogos, e ás entidades dependentes do Concello e citadas na norma que resultan afectadas pola mesma.

Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, a 9 de marzo de 2016

O Alcalde,

Xosé F. Baamonde
Ado. Xulio Xosé Frenco Baamonde.

